


A. Como buscar as obras da bibliografía recomendada dunha materia de estudo no catálogo *Crunia*?


A mellor maneira de atopar a bibliografía recomendada dunha materia de estudo en *Crunia* é premendo no botón '**Bibliografía recomendada**' do menú superior.



Iremos ao buscador específico da bibliografía recomendada.




Nel escolleremos a titulación e seguidamente aparecerá unha caixa de busca onde seleccionaremos a materia de estudo. Finalmente premeremos en "Buscar".



Ábrese unha nova pantalla, na súa parte superior figuran as caixas da busca avanzada que acabamos de realizar, na parte inferior figura a lista con todos os títulos recomendados desa materia que figuran en *Crunia*, neste caso son 6.

Caixas de busca avanzada



0 seleccionado/s 1-6 de 6 Resultados



1

LIBRO
Back stability : integrating science and therapy
 Norris, Christopher M.
 2008
 BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

🔗 📧 🌟 ...

Lista de títulos recomendados

Nota importante á hora de revisar a bibliografía recomendada:

Normalmente en *Crunia* figura como 'bibliografía recomendada' a edición máis moderna do título coa que conte a biblioteca. Se se dispón dalgunha edición electrónica, tamén aparecerá esta na lista de 'bibliografía recomendada'. Ás veces, as diferentes edicións dunha obra aparecen agrupadas.